



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 5 DE MAIO DE 2016

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA
--

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira do PSdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

INTERVENTOR ACCTAL.

D. LUIS M. LOZANO LORENZO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas coarenta e dous minutos do día cinco de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate, o Sr. Alcalde-Presidente dá a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria comunicando que, por causa da tormenta e do relámpago que caeu na Casa do Concello, non se pode grabar e, polo tanto, retransmitir a sesión plenaria, pedindo perdón por ese contratempo e solicitando aos membros presentes que agudicen a voz xa que se está grabando mediante unha grabadora de man.

Dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE ABRIL DE 2016. Apróbase por unanimidade a acta da sesión

plenaria celebrada o día 7 de abril de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DA FACENDA E CONTAS DE 26/04/2016 RELATIVO Á IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA OCUPACIÓN DOS LOCAIS MUNICIPAIS DESTINADOS A VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DA ESTRADA.

O **Sr. Alcalde**, para explicar este asunto, outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, D. Alberto Blanco.

O **Sr. Alberto Blanco**, di que, tal e como consta na proposta da Concellaría de Promoción Económica, o seu grupo de goberno considera que os viveiros de empresas son o medio ideal para fomentar a creación de emprego e apoiar aos emprendedores, con este motivo o Concello reservou na primeira pranta do novo Mercado 10 oficinas de 25 m2 e un espazo común para sala de reunións. Como paso previo é necesario a creación dunha Ordenanza que estableza unhas taxas para a utilización desos locais; a estos efectos, segundo os estudos efectuados polos servizos técnicos municipais e coa fiscalización da Intervención municipal, se establece como prezo por cada oficina de 25 m2 (con opción á sala de reunións) en 50,00 euros.

Intervén a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, manifestando que esta proposta é unha mostra máis de cal é o proceder do grupo de goberno, é dicir, comezaron coa inauguración do viveiro fai máis dun ano e hoxe traen a aprobación das taxas, saltándose un paso esencial que é a creación dun Regulamento que ampare a utilización dese viveiro. Recordando o que dixo o Sr. Blanco, di que este é un medio ideal para fomentar a creación de empresas, pero hai que saber a que tipo de empresas, por iso, ao igual que manifestou na Comisión Informativa, a pesares de que compartiron a idea da creación do viveiro de empresas e a súa axilización, di que van a votar a favor desta proposta, pero o seu grupo político denuncia publicamente o procedemento erróneo no que o grupo de goberno fai a tramitación deste asunto, xa que non ten lóxica que a valoración da creación de viveiros se fixera polo técnico municipal en febreiro de 2015 e agora, en maio de 2016, se propoña a Ordenanza reguladora e sen o previo Regulamento.

Polo anterior, a Sra. Louzao, tendo en conta que non coñece o proxecto e, con respecto ás explicacións que se lles deron na Comisión Informativa, di que o seu grupo non comparte certas ideas que se lles plasmaron, pero, ao non existir Regulamento, non sabe si o que se dicía era veraz. A pesares disto, van a votar a favor da aprobación da Ordenanza e así axilizar o procedemento, pero reclamando que se redacten as bases do Regulamento e se sometan á consulta dos demais membros da oposición para a posterior aprobación e, deste xeito, que os interesados poidan comezar o máis pronto posible coa utilización das nomeadas oficinas.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal **MÓVETE, Sra. Mar Blanco**, dicindo que pasou máis dun ano dende que o Sr. Alcalde anunciara a eminente apertura do Viveiro de Empresas e aínda estamos co trámite inicial, por iso considera que, pola responsabilidade do seu cargo, o Alcalde debería de estar máis centrado na efectividade da execución dos proxectos e non en dicir e despois deixar pasar sen preocuparse se se fan ou non, xa que gobernar é xestionar e non vender fume. En canto ao proxecto dos viveiros, di que é un exemplo máis deste descontrol, xa que primeiro anuncia, a continuación deixa pasar o tempo, e despois se ven á oposición con prisas sen máis información que a que dan previamente aos medios, o que resulta nula para a toma de decisións.

Continúa manifestando que o seu grupo está a favor da creación dos viveiros de empresas e do establecementos dunha taxa pola ocupación dos locais, pero critica a xestión levada a cabo neste asunto, xa que non comparte que o Alcalde anuncie este proxecto sen importarlle o procedemento necesario para levalo a cabo, sen desenvolver previamente un plan estratéxico para que o viveiro de empresas cumpra o seu obxectivo.

A Sra. Blanco, remitíndose á Memoria que consta no expediente e na que se di: *".. A potencialidade dos viveiros de empresas como medio de apoio aos*

empresarios de cara a creación de emprego, principal obxectivo desta Concellería, está amplamente acreditada", pregunta onde está dita Memoria e en que se basa para incluír esta manifestación. Ante o anterior di que as decisións políticas non se poden tomar en se queda ben anunciar esto ou o outro nun momento dado, senón que as decisións políticas teñen que vir acompañadas dun plan estratéxico para que poidan ter validez; polo que insiste, para valorar de xeito obxectivo a contía das taxas, en solicitar a Memoria feita polo Concello e onde se mostre a viabilidade deste viveiro, que se fagan públicos os criterios de adxudicación dos locais e que se garanta a transparencia de todo o proceso, e, polo dito, o seu grupo vaise a abster na votación.

Outorga a palabra o Sr. Alcalde ao voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, que inicia a súa intervención manifestando que lle parece ben esta medida de apoio ás empresas emprendedoras, pero votan en falla un estudo económico máis detallado. Di que, a pesares de que as taxas que se sinalan na Ordenanza están por debaixo da media con respecto a outros Concellos, non se pode analizar o que se lle ofrece aos usuarios, de que van a dispoñer, así como si o Concello vai a poder asumir os gastos que van a xurdir, xa que non se sabe cales son os gastos dos que se vai a facer cargo o Concello e cales son os que van a asumir os emprendedores/as; a este respecto, recorda un estudo moi interesante que se publica na revista galega de economía onde se fala do papel dos viveiros de empresas para a dinamización do tecido produtivo da creación de emprego, e no que tamén se fala do que se ofrece nestes viveiros de empresas. Sen embargo, di que o que se trouxo polo grupo de goberno é simplemente un valor por metro cadrado das oficinas que se ofertan, pero non se fala dos custes de electricidade, telefonía, etc. Recorda que na Comisión Informativa se dicía que se supoñía que os custes ían a ser baixos, e se supoñe que o Concello vai a ser capaz de asumir este gastos, pero o normal é que o grupo de goberno presentara un estudo económico sobre os gastos derivados da utilización das oficinas polos viveiros de empresas e, deste xeito, efectuar un cálculo máis obxectivo das taxas.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que é a primeira vez que se critica a un goberno por establecer unhas taxas demasiado baixas. Di que hai que ter en conta a situación na que vivimos, ademais a taxa se paga pola utilización dun servizo, e o servizo non está en marcha, polo que os membros da oposición terán tempo suficiente para participar na elaboración das Bases, con respecto a éstas xa existe unha proposta e que forma parte do proxecto de dinamización do Novo Mercado (por esixencia dos fondos FEDER), polo que existe un documento base sobre o que está traballando o departamento de Secretaría e do que a oposición terá cumprida resposta e cumprido trámite no momento oportuno. Di que non é o momento axeitado para discutir sobre os servizos que se van a prestar, senón que aquí se está a establecer unha taxa que xa tiña que estar recollida no catálogo de taxas que ten o Concello da Estrada e, polo tanto, aquí se está a aprobar esta taxa para proceder á súa publicación e demais trámites e, deste xeito, non perder tempo mentres o servizo de Secretaría está a traballar no proxecto para a posta en funcionamento do viveiro de empresas e con posterioridade sometelo á correspondente Comisión Informativa, onde todos os grupos que forman a oposición poderán participar na súa elaboración.

Por último o Sr. Alcalde pide que comparen a taxa que se quere aprobar para os viveiros de empresas neste Concello con outros de similares características, como é o caso do Concello de Lalín, resultando unha taxa oito veces máis cara que a que se impoñe no noso concello, e como este caso moitos máis; o que deixa de manifesto unha aposta polos/as emprendedores/as do noso territorio, ademais confía en que ese proxecto dará os seus froitos proximamente porque hai que contar cos trámites administrativos, ao igual que pronto verá a luz o proxecto do centro de maiores e outros máis, o que dexeará constancia do traballo que está a facer o grupo de goberno en prol dos cidadáns e que tantos anos levan reclamando, ao contrario que as propostas dos grupos da oposicións, propostas que se plasman en mocións sobre asuntos que no preocupan realmente aos estradenses.

Finalmente, pide o voto a favor dos grupos municipais para a aprobación desta Ordenanza que establece a taxa para os viveiros de empresas, tema que é o que se está a tratar nesta sesión plenaria, deixando as outras cuestións para

cando se debata o proxecto.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños** para aclarar que non é que se critique o importe da taxa, senón que para saber se unha taxa é alta o baixa hai que elaborar un estudo do servizo que se ofrece, e ese análise ou estudo non se lles facilitou aos grupos da oposición, en concreto unha valoración do metro cadrado do servizo construído e non un análise dos servizos que van anexos, é dicir, telefonía, electricidade, limpeza, etc, de xeito que, á vista dos ditos custes, se poida valorar si o importe da taxa é baixa ou alta, ademais de se o Concello pode asumir eses gastos.

Contesta o **Sr. Alcalde** que dito estudo existe, xa que os técnicos municipais efectuaron unha valoración dos custes, gastos, etc., en base ao cal o departamento de Intervención fixa o importe da taxa. En definitiva, di que existe un informe emitido por un técnico municipal que avala a taxa que se trata aquí e que consta no expediente, polo tanto está a disposición dos que queiran consultalo. En base a ese estudo técnico o grupo de goberno, apoiándose no informe, establece o prezo máis baixo posible, xa que queren establecer unha cantidade simbólica e que non cubre o servizo, pero considera que a administración ten que facer fronte de parte deses gastos co fin de potenciar a posta en marcha desas iniciativas empresariais, ao que hai que sumar a iniciativa dos Xóvenes Empresarios de Galicia e que se incluírán no proxecto de viveiros de empresas e que proceden dun convenio que asinaron os xóvenes empresarios coa Xunta de Galicia, todo isto deixa de manifesto a intención do grupo de goberno de poñer en marcha un centro municipal pioneiro neste ámbito, empezando por poñer a disposición dos novos emprendedores un espazo único e funcional e que non lle supoñan ningunha carga económica.

Toma a palabra a **Sra. Belén Louzao** para dicir que en ningún momento cuestionou se era alta ou baixa a taxa, que en ningún momento se negou a existencia dun informe técnico, incluso que ela falou deste informe onde se fai referencia ao custe do espazo, pero aclara que cando se aproba unha taxa esta se ten que fundamentar sobre un servizo que está regulamentado e, neste caso, se está aprobar unha taxa sen o previo regulamento. Ante o anterior, pide que se recoñeza polo grupo de goberno que eso non se fixo, que se saltaron este trámite e que non existe a regulamentación preceptiva, polo que pide que se espabilen porque existen emprendedores/as que queren optar a este servizo pero que non saben se o espazo que se oferta se adapta ou non ao seu tipo de empresa. Di a Sra. Louzao que non sabe si o entende o Sr. Alcalde ou non, porque están acostumbrados a que responda mediante a creación de debates paralelos evadindo a asunto que se cuestiona, pero xa fai un ano que están traballando neste proxecto e agora non seguen a tramitación debida o que ocasiona un retraso considerable na posta en marcha do mesmo.

Convida **Sr. Alcalde** á Sra. Louzao a que revise o expediente e vexa as bases para o funcionamento do viveiro que levan feitas máis dun ano, das que o goberno ten redactada unha proposta e, cando chegue o momento para a súa aprobación, a oposición poderá facer as alegacións que consideren oportunas e, a partires de aí, se debatirán e valorarán as propostas que se aporten. Aclara unha vez máis que as bases están na Secretaría municipal e, neste momento, se está a traballar nese documento, agora se intenta axilizar o procedemento mediante a aprobación da Ordenanza da taxa.

Finalmente recorda aos asistentes que aquí se está somentendo a debate e votación a Ordenanza da Taxa pola ocupación dos locais municipais destinados a viveiro de empresas do Concello da Estrada.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose por maioría (cos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e BNG, e a abstención de MÓVETE), o seguinte **ACORDO**:

Visto expediente da taxa pola ocupación dos locais municipais destinados a viveiro de empresas do Concello da Estrada.

Visto o informe de Intervención asinado o 19 de abril de 2016,
Visto o Ditame acadado polo Comisión Informativa de Facenda e Contas en sesión do 26/04/2016.

E de conformidade co disposto 15 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a imposición da TAXA POLA OCUPACIÓN DOS LOCAIS MUNICIPAIS DESTINADOS A VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DA ESTRADA.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza reguladora da taxa referida no apartado anterior, consonte ao texto que se transcribe:

“ORDENANZA N° 39

TAXA POLA OCUPACIÓN DOS LOCAIS MUNICIPAIS DESTINADOS A VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DA ESTRADA

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécese a Taxa pola ocupación dos locais municipais destinados a viveiro de empresas do Concello da Estrada, de acordo coa regulación contida na presente ordenanza, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial dos locais que o Concello da Estrada ten destinado a viveiro de empresas no edificio do Novo Mercado.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que teñan formalizado o correspondente contrato de cesión dos locais referidos no artigo primeiro.

Artigo 3º. Responsables

1.- Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire os artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Beneficios fiscais

Non se concederán nesta taxa outros beneficios tributarios que os previstos nas Leis ou se deriven da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 5º. Cota tributaria

A contía da taxa será de 50 euros por cada mes e local obxecto de utilización ou aproveitamento, con posibilidade de prorrateo por quincenas ao comezo e final do período da cesión.

Artigo 6º. Devengo

Prodúcese o devengo da taxa e nace a obriga de contribuír a partir do día seguinte á formalización do contrato de cesión de cada un dos locais do viveiro de empresas.

Artigo 7º. Normas de xestión

1. Con periodicidade mensual, o técnico encargado do viveiro de empresas formará unha lista cobratoria comprensiva das liquidacións practicadas, que será sometida á aprobación polo alcalde ou órgano que teña delegada a competencia.

2. Para unha xestión eficaz desta taxa, os suxeitos pasivos haberán de facilitar ao Concello a domiciliación do pagamento das súas cotas,

3. O pagamento farase efectivo dentro dos cinco primeiros días de cada mes.

4. As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario faranse efectivas polo procedemento de prema, de conformidade co previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 8º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 9º. Aplicación supletoria

Para o non establecido nesta ordenanza será de aplicación supletoria o Regulamento de funcionamento interno do Viveiro de empresas da Estrada.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza, aprobada definitivamente o ----, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa derogación ou modificación expresas.”

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DA FACENDA E CONTAS DE 26/04/2016 RELATIVO AO EXPEDIENTE N° 1 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2016.

Outorga o Sr. Alcalde a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, quen pasa a explicar o asunto que se somete a este sesión plenaria. En primeiro lugar comunica que se advirteu un erro na Base 49ª, parágrafo VII, das de Execución do Orzamento, onde figura a Fundación Cultural da Estrada (no campo das Festas Patronais) como beneficiaria dunha subvención de 50.000,00 €, procedendo a modificación do devandito erro mediante a eliminación da frase Festas Patronais no apartado de “beneficiario”.

Intervén a **Sra. Mar Blanco**, para recordar que na sesión plenaria do mes de xuño do ano pasado se pideu que se instara á Comisión de Festas para que fixeran públicos os orzamentos das mesmas, e o Alcalde había contestando que o grupo de goberno podía responder sobre a aportación de 50.000,00 euros do Concello, ante

iso, nesta ocasión, aproveitando que forman parte da Comisión de Festas Concelleiros do grupo de goberno, a Sra. Blanco pide que defendan a publicidade e transparencia das contas da Comisión de Festas.

Recórdalle o **Sr. Alcalde** á Sra. Mar Blanco que se lle había invitado a formar parte da Comisión de Festas e, deste xeito, ter información de primeira man; a parte diso o goberno non lle pode esixir ningún tipo de información sobre as súas contas a esta Comisión, tan só a xustificación da subvención concedida; sen embargo, se os grupos da oposición consideran que a Comisión debe de dar explicación sobre a súa xestión, entón deben de falar con eles directamente.

Contesta a **Sra. Mar Blanco** que iso é o que está a facer a través dos Concelleiros que forman parte da Comisión de Festas e, polo tanto, llo poden trasladar ao resto dos membros da mesma.

O **Sr. Alcalde** di que se debería de dirixir ao Presidente da Comisión de Festas o que cre que non terá ningún problema en contestar nin dar explicación sobre este tema.

A **Sra. Mar Blanco** aclara que isto forma parte da liña a seguir para conseguir máis transparencia nas institucións.

O **Sr. Alcalde** di que o debate está levándose por un camiño que non é obxecto deste punto, recorda que se está a falar dunha subvención que concede o Concello a unha institución independente do Concello e, polo tanto, só se pode esixir a transparencia na xustificación da subvención outorgada e non é lícito obrigarlles que fagan públicas as súas contas, son organismo autónomos que se rexen polos seus propios estatutos.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** dicindo que calquer asociación mostra as contas aos seus socios, polo que, neste caso, como a Comisión de Festas organiza as festas con cartos de todos os estradense, considera positivo que se fagan públicas ditas contas, o que lle transmitirá ao Presidente da Comisión de Festas.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Incoado o expediente nº 1/2016 de modificación das Bases de Execución orzamentaria co obxecto de emendar unha das subvencións nominativas establecidas no parágrafo VII da base 49ª,

Visto o informe de Intervención de data 26/04/2016.

Visto o Ditame acadado polo Comisión Informativa de Facenda e Contas en sesión do 26/04/2016.

E de conformidade co disposto nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 18 e seguintes do R. Decreto 500/1990 do 20 de abril.

Proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente nº 1/2016 de modificación das Bases de Execución orzamentaria, co seguinte contido:

I. Base 49ª.

Onde di:

“ VII) Subvencións nominativas.-

.....

Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:

<i>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</i>	<i>BENEFICIARIO</i>	<i>IMPORTE/€</i>
330.489.02	<i>Fundación Cultural A Estrada. Festas Patronais</i>	50.000,00

Dirá:

“ VII) Subvencións nominativas.-

.....

Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:

<i>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</i>	<i>BENEFICIARIO</i>	<i>IMPORTE/€</i>
330.489.02	<i>Comisión Festas Patronais 2015</i>	50.000,00

II. Aplicación 330.489.02.

O seu enunciado queda como segue:

Outras transferencias correntes. Subv. Com. Festas Patronais.

Segundo.- Este expediente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, prazo durante o que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, ao que se remiten o artigo 177. 2 do mesmo Texto e o artigo 38 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- O expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE 18/04/2016, RELATIVO Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DO DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES.

Para explicar este punto toma a palabra o Concelleiro de Facenda **D. Alberto Blanco**, quen di que, á vista do escrito remitido polo Xefe do Servizo do Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Deza e Tabeirós - Terra de Montes, polo que se comunica a modificación dos Estatutos do devandito Consorcio aos efectos de que o Concello da Estrada adopte o acordo de aprobación da nomeada modificación en varios de seus artigos e na disposición adicional, sendo o punto máis relevante que este ano adquire un carácter trianual. Co gallo deste escrito se propón a aprobación da modificación dos devanditos Estatutos, en base ao ditame acadado previamente na Comisión Informativa de Organización e Funcionamento.

Non habendo intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/03/2016, en relación co asunto de referencia.

Visto o escrito remitido polo Xefe de Servizo do Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Deza e Tabeirós – Terra de Montes (recibido neste Concello o 26/02/2016, RE nº 950), polo que comunica a modificación dos Estatutos do devandito Consorcio aos efectos de que este Concello adopte o correspondente acordo plenario.

Visto o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 15/10/2014.

Visto o informe da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra de data 18/12/2014.

Visto o informe do Director Xeral de Administración Local de data 12/12/2014.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento en sesión do 18/04/2016.

ACORDAMOS:

Aprobar a modificación dos Estatutos do Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Deza e Tabeirós – Terra de Montes nos artigos 1, 3, 10, 13, 16, 17, 21.c) e d), 31.2 e Disposición Adicional.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE 18/04/2016, RELATIVO Á PROPOSTA DE ADHESIÓN AO GDR-16 "ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE".

Toma a palabra o Concelleiro **D. Alberto Blanco** para dicir que, á vista do escrito remitido polo Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Terras do Deza polo que se comunica que os Concellos de A Estrada e Forcarei forman parte do novo territorio proposto por AGADER, pasando a constituir o GDR 16 coa denominación "Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte". Derivada deste escrito redactouse unha proposta para solicitar a adhesión á Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte - GDR 16 e participar na súa assemblea, inscribirse na tipoloxía "sector público", nomear como representante ao Sr. Alcalde así como facultalo para a sinatura de cantos documentos se deriven do acordo que se adopte, proposta que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento.

Intervén a Concelleira do PSdeG-PSOE, **Sra. Belén Louzao**, para manifestar que o seu grupo político está de acordo en formar parte da "ADR Terras de Pontevedra Norte" así como que se intente facilitar a todos os emprendedores/as e ás distintas asociacións a obtención de financiamento a través de distintos proxectos europeos, polo tanto participar no GDR lle parece lóxico e apoiarán esta proposta, sen embargo non pode deixar de poñer enriba da mesa o que lle parece unha falla de respecto absoluta por parte da Xunta de Galicia para o Concello e para as persoas e asociacións que formaron parte do anterior GDR, un GDR que presidía A Estrada e que rematou cesando aos seus traballadores con débedas á Seguridade Social e debendo salarios ao persoal pero, en definitiva, un GDR que merecía un respecto; sen embargo chega unha carta do Presidente do ADR do Deza e non da Xunta de Galicia, a cal debería de comunicar a este Concello da estrutura territorial e da distribución dos Fondos Europeos, o que se traduce nunha falla de respecto, sobre todo tendo en conta que non se poñen en comunicación co anterior GDR para invitalos a formar parte deste novo. Ante o anterior, as asociacións estradenses non teñen coñecemento deste tema e chegarán tarde para beneficiarse desta nova oportunidade.

Finalmente, a Sra. Louzao, dí que o seu grupo vai a votar a favor deste punto, pero existen unha explicación da Xunta de Galicia e do Sr. Alcalde (como Presidente do anterior GDR) sobre o que pasou, como se liquidou e porque se decidiu cambiar a denominación e composición (en canto a Concellos) desta GDR 16.

Di tamén que descoñece a capacidade do Concello da Estrada para dicidir e participar na composición do GDR e se supón gastos para o noso concello, neste último caso sería convinte a existencia dun informe da Secretaría e da Intervención municipais, e deste xeito aclarar puntos como o que suporá este novo GDR para o Concello da Estrada en tema de proxectos, cal va a ser a súa participación, se existen débedas co AGADER, que pasou co problema do anterior GDR, etc.

Intervén a Concelleiro de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, a cal di que o seu grupo político considera que A Estrada perde peso coa adhesión ao novo GDR con respecto ao anterior, de feito o Alcalde, quen presidía o anterior, non acadou rentabilizar moitos dos fondos que se manexaban para a consecución de acción produtivas para o noso Concello, é máis, esa deixadez e falla de responsabilidade do seu cargo, fixo que o Alcalde delegara no AGADER a xestión de proxectos do GDR que presidía e, finalmente, ese GDR pechou con débedas pendentes (nunca aclaradas), e agora se pide que A Estrada forme parte nun novo GDR no que considera que perde posición estratéxica. Polo tanto, considera que esta proposta é unha mostra máis de como A Estrada vai perdendo peso no ámbito provincial, sendo o máis grave o ver que o Alcalde e o seu grupo de goberno non lle da importancia.

Finalmente, a Sra. Blanco di que vai a votar a favor da adhesión ao GDR 16, pero pide que sexan tomados en serio os cartos públicos procedentes dos fondos europeos para invertir no rural, para dinamizar a actividade económica no rural e que non sexa só para lavar a cara do Partido Popular, porque estamos a ver como os gandeiros e agricultores están totalmente afogados pola política do PP que está poñendo en marcha no Estado e na Xunta e, por enriba, hai que aguantar as declaracións do Sr. Rueda cando di que as solucións do rural teñen que saír do propio rural.

Toma a palabra o Concelleiro de BNG, **Sr. Xosé Magariños**, quen pide explicación sobre o que pasou sobre o anterior GDR, sobre todo para que os veciños/as da Estrada crean na utilidade destes proxectos. Manifesta que o BNG vai a votar a favor da adhesión ao GDR 16, xa que está claro que os estradenses teñen que aproveitarse destes fondos para poñer en marcha os seus proxectos, pero insiste na necesidade de saber o que pasou co anterior GDR e informar ás asociacións que formaron parte da mesma.

O Sr. Alcalde, dando resposta ás anteriores intervencións, di que os que puxeron en marcha o anterior GDR o fixeron desastrosamente mal, e aclara que non foi este goberno nin o Partido Popular o que o puxo en marcha, nin foi tampouco o que mobilizou ás asociacións para poñer persoas fronte ao GDR que non eran precisamente vinculadas ao PP. Con respecto ao anterior GDR 20 manifesta que foi un desastre de xestión, en segundo lugar, que se tiveron que tomar unhas decisións como o ter que prescindir de todo o persoal porque a súa xestión ocasionou débedas que se estenderon a 60.000,00 euros e, como todos saben, primeiro hai que pagar os custes e despois reclamar ao GDR a correspondente cantidade previa a debida xustificación, e nesa xestión o equipo o fixo bastante mal, o que creou unha "bola de neve" xa que, cada ano que pasaba, esas débedas aumentaban, de feito cando el asumiu a presidencia xa existían unhas débedas en torno a 25.000,00 euros e chegou un momento en que acadaron os 40.000,00 euros, polo que se tivo que tomar a decisión de prescindir dos traballadores e, neste momento, eses traballadores reclamaron os seus dereitos laborais e se está a resolver, e o GDR ten neste momento unha débeda que asume a través dunha póliza de crédito contratada cunha entidade financeira, non existindo ningún compromiso debedor co AGADER e, polo tanto, non hai ningunha repercusión polo GDR anterior.

O Sr. Alcalde continúa manifestando que no anterior GDR A Estrada formaba parte dun grupo territorial que non tiña nada que ver coa súa situación e intereses, e co novo xa está incluído dentro da zona Deza, sendo máis acorde coas políticas rurais existentes no noso concello; polo dito, agora se quere apostar por un GDR dirixido ao interior da provincia de Pontevedra, xa que o noso espazo é máis acorde co Deza e co Ulla-Umia. Advirte, asimesmo, que para esta nova ubicación a Xunta consultou aos concellos para que opinaran sobre se querían formar parte ou non del, e A Estrada considerou que o seu espazo era a

zona norte de Pontevedra e cré que foi unha desición acertada e o éxito se verá despois coa xestión do grupo, pero considera que será factible e produtivo, sobre todo porque se están a poñer en marcha políticas que van a marcar as liñas básicas do grupo na zona norte basadas nas características comúns que teñen os seus integrantes, que son moitas, xa que falamos de concellos colindantes cun rural igual. Por outra banda informa que, debido á falla de fondos, se recortou tamén o número de grupos co gallo de destinar maior recursos a cada un deles, o que se traduce en pasos dados con sentido común e, a partires de aí, hai que afinar no que respecta ás liñas estratéxicas para o desenvolvemento do grupo e actuar naqueles medios que permitan dinamizar do ámbito rural.

Por último pide aos grupos da oposición que aporten propostas sobre os ámbitos no que se debería de facer máis fincapé para, xunto coa opinión das asociacións, poder fixar unhas liñas estratéxicas que favorezan a economía no noso rural.

Finalmente informa que existe unha cota única de participación no GDR, cota que se calcula de maneira proporcional entre todos os concellos adheridos ao mesmo segundo o número de poboación, sendo aproximadamente de vinte céntimos por habitante, polo que no caso da Estrada será en torno aos 4.000,00 euros, pero advirte que todavía no é algo fixo, aínda se está traballando neste tema. Tamén di que cré que a xestión e repercusión do GDR 16 vai a ser moi boa e máis produtiva con respecto ás anteriores, sobre todo polos proxectos que se están manexando cara ao fortalecemento económico do rural e qe supoñen un 65% dos fondos (excluíndose os cascos urbáns da Estrada e Lalín), pero tamén existen outros proxectos non produtivos que son os fondos destinados a asociacións sen ánimo de lucro ata un máximo do 35%; despois existen uns gastos de xestión e funcionamento.

O **Sr. Xosé Magariños** aclara que, na anterior intervención, tan só pideu que se aclarara a situación na que quedara o GDR anterior, independentemente de quen o xestionara e, en segundo lugar, di que se alguén o xestiona mal, se cesa, polo que considera increíble que, unha vez toma a presidencia o Sr Alcalde e saber o que había, non actuara en consecuencia.

Contesta o **Sr. Alcalde** que xa contestou a esa pregunta.

O **Sr. Xosé Magariños** di que el se refire a unha explicación pública.

O **Sr. Alcalde** recorda que se está nunha sesión plenaria, se pediu información e el a deu, se non lle valen non pode dar outra, lembrando que o xerente do anterior GDR foi cesado, polo que non diga que non foi certo.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 05/04/2016, en relación co asunto que se detalla de seguido.

Visto o escrito remitido a este Concello polo Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte (recibido o 30/03/2016, nº de rexistro 3860), polo que se comunica que os Concellos de A Estrada e Forcarei forman parte do novo territorio proposto por AGADER, pasando a constituir o GDR 16 coa denominación "Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte".

Visto que o novo territorio delimitado pasará a estar constituído polos Concello de A Estrada, Agolada, Dozón, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento en sesión do 18/04/2016.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Solicitar a adhesión á Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte – GDR 16 e participar na súa asamblea.

Segundo.- Nomear como representar ao Sr. Alcalde-Presidencia.

Terceiro.- Inscribirse na tipoloxía ou grupo “sector público”.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos se deriven do presente Acordo.

6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL PARA O ESTUDO DA FUSIÓN DOS MUNICIPIOS DE CERDEDO-COTOBADE DE 28/04/2016, RELATIVO Á PROPOSTA CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA ESTRADA RESPECTO AO MANTEMENTO DO PARTIDO XUDICIAL DA ESTRADA.

Con motivo de que esta proposta conxunta parte dunha iniciativa do grupo do PSdeG-PSOE, o Sr. Alcalde outorga a palabra á súa voceira **Dna. Belén Louzao**, quen di que se trata dunha proposta dirixida ao benestar dos veciños/as da Estrada, xa que se está a falar dunha decisión que se toma por organismos fóra do ámbito estradense pero que afecta directamente ao noso Concello, está a falar de que a fusión entre os Concellos de Cerdedo e Cotobade vai a ter repercusión sobre o Partido Xudicial da Estrada, polo que o que se intenta é defender que se siga mantendo a presenza do Rexistro Civil e outros servizos vinculados. Polo tanto, pídese que non se tomen decisións apresuradas sen pedir opinión aos concellos afectados, neste caso ao Concello da Estrada. Por todo o anterior alégrase que se chegara a unha proposta conxunta para defender e esixir á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia un pronunciamento oficial escrito sobre que se manteña o Partido Xudicial da Estrada e os seus servizos, sendo razón suficiente o número de habitantes existentes no noso concello e no de Forcarei nos que a media da idade é avanzada.

Toma a palabra a **Sra. Mar Blanco** para expresar o seu apoio á proposta de manter o Partido Xudicial da Estrada e seu rexeitamento a aquelas políticas encamiñadas a eliminar servizos nos territorios con poboación de idade avanzada, xa que estas políticas non fan máis que acelerar o problema demográfico de Galiza, así o seu grupo apoia esta proposta de mantemento do Partido Xudicial como garantía dos servizos sociais necesarios, ao abeiro do informe no que se basa á proposta.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños** para reiterar o apoio do seu grupo político a esta proposta, así como recordar que a solución do problema do rural dos concellos non pasan pola fusión, senón por un financiamento real dos servizos que se prestan, porque sempre se culpa aos Concellos da falla de recursos e xestión deses problemas, cando realmente son as outras administracións superiores as que teñen que colaborar na solución, polo que a Administración do Estado ten que adecuar o financiamento dos pequenos concellos á realidade particular, neste caso, dos galegos/as.

O **Sr. Alcalde** di que está de acordo con todo o dito polos intervintes, salvo no que se refire a que a fusión non é o camiño, pero no que se trata neste punto está de acordo en que o Concello ten que defender os intereses dos estradenses por enriba de todo, e que unha decisión que se tome noutro sitio non ten porque afectar ao noso municipio.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para agradecer aos técnicos municipais que se implicaron na creación da Comisión Informativa Especial e na tramitación e redacción dos informes e proposta que se presenta aquí e, sobre todo, coa celeridade con que todo se efectuou.

Resposta o **Sr. Alcalde** que se suma a ese agradecemento de todos os grupos políticos.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta conxunta de todos os grupos políticos municipais e que se transcribe de seguido:

“Vista a fusión municipal prevista dos Concellos de Cotobade e Cerdedo, temos que ter en conta que a mesma afecta á composición e incluso existencia do partido xudicial da Estrada, polo que é necesario que esta Corporación defenda a permanencia deste partido xudicial, xa sexa coa integración deste Concello fusionado no noso partido xudicial, xa sexa o mantemento do partido xudicialcos dous concellos que o comporían de pasar Cerdedo ao partido xudicial de Pontevedra: A Estrada e Forcarei.

Como pon de manifesto o informe emitido pola Asesoría Xurídica municipal ao efecto: “la modificación de los límites de los municipios actuales comporta la adaptación automática de la demarcación judicial a la nueva delimitación geográfica, los Concellos de Cotobade y Cerdedo pasarán a integrarse de manera automática, tal y como establece el artículo 4.3 de la ley de demarcación, en el partido judicial al que correspondía el municipio que tuviera mayor población de derecho entre los afectados, es decir: Cotobade, integrándose,por tanto, en el partido judicial de Pontevedra”.

Ante ista prescripción legal, a inclusión deste Concello fusionado no noso partido xudicial só sería posible por renuncia expresa do mesmo á inclusión no partido xudicial de Pontevedra. Dito escenario só depende da vontade dos municipios a fusionar, en virtude da autonomía local dos mesmos, polo que este Concello debe centrarse na defensa do mantemento do noso partido xudicial sen a presenza de dito municipio fusionado.

Para isto, esta proposta presenta os argumentos que entendemos que fan necesaria a persistencia deste partido xudicial aínda que sexa conformado polos Concellos da Estrada e Forcarei; pois dos argumentos que de seguido vanse expoñer entendemos que non só e axeitado senon necesario para a prestación de servicios a estes Concellos o mantemento do partido xudicial.

Primeiro.- Temos que sinalar que a posible marcha de Cerdedo non supón unha variación salientable respecto da poboación do partido xudicial, polo que o funcionamento do mesmo seguiría a ser exactamente igual, e non se produciría ningunha merma nos servizos que se están a prestar aos cidadáns, tal e como se explica no apartado Segundo da presente proposta.

Segundo.- Non obstante, a organización actual da demarcación xudicial foi definida pola Lei 38/1988, de Demarcación e Planta Xudicial (LDPJ), e é respectuosa con as provincias e responde a un esquema compatible coa organización provincial, coincidindo o deseño xudicial co políticoadministrativo. Segundo o disposto no vixente artigo 30 da LOPJ España se organiza territorialmente, a efectos xudiciais, en municipios, partidos, provincias e Comunidades Autónomas. O municipio se corresponde coa demarcación administrativa do mesmo nome, a cal constitúe a unidade básica da Administración Local. Pola súa parte, o partido xudicial é a unidade territorial integrada por un ou máis municipios limítrofes, pertencentes a unha mesma provincia e poderá coincidir coa demarcación provincial. A LOPJ efectuou unha redefinición dos partidos xudiciais considerados como divisións territoriais básicas posto que nelas se inscribe o primeiro escalón de órganos xudiciais servidos por xuíces de carreira, o dos Xulgados de Primeira Instancia e Instrución. O artigo 32.2 da xa citada Lei Orgánica do Poder Xudicial ordea considerar como criterios para a reforma dos partidos judiciales, o número de asuntos, as características da poboación, os medios de comunicación e as comarcas naturais.

Con base neste parágrafo, entendemos que debe manterse o partido xudicial da Estrada polas seguintes razóns:

A poboación do partido xudicial non experimenta cambios importantes coa desaparición do

Concello de Cerdedo deste partido xudicial: pasaría de 26.753 habitantes a 24.893, o que non é relevante en ningún caso.

No que respecta á superficie do partido xudicial, estamos a falar dun partido xudicial cunha gran superficie, na que a perda do Concello de Cerdedo tampouco sería significativa. Pasaría de 528,5 a 448,7 km². Os concellos da Estrada e Forcarei, aportan a meirande parte da superficie, sendo só do Concello de Cerdedo 79,8 km². Polo tanto, a diminución en superficie do partido xudicial non supón ningún cambio substancial.

No que respecta a actividade xudicial, tal e como se describe no anexo adxunto, tendo como referencia os datos de 2013, atopábanse en tramite ao inicio do período 650, ingresaron 3.205, foron resoltos 3.085, e atopábanse en tramitación ao remate do período 702. Destes datos derivase que a actividade xudicial deste partido é, cando menos, relevante.

Tendo estes criterios presentes, debemos ter en conta que a poboación destes Concellos ten un alto nivel de envellecemento. Tal e como se desprende dos últimos datos extraídos do Instituto Galego de Estatística (IGE), a comarca está coñecendo un avanzado proceso de regresión demográfica provocada por un envellecemento da poboación, agravada pola creciente emigración da xente nova dos últimos anos e polo retorno de inmigrantes afincados na zona. Paradigma de elo son a maior idade media dos seus habitantes: 56,7 anos de Cerdedo, 54,6 de Forcarei, e os 47 de A Estrada. Estas idades están claramente por enriba da media pontevedresa, que se sitúa en 43,6 anos. Polo tanto, esta poboación de idade avanzada veríase claramente desfavorecida pola supresión do partido xudicial, pois a maior idade menores posibilidades de mobilidade dos verciños.

A isto deberíamos engadir a grande superficie do mesmo, e as malas comunicacións existentes na comarca: non hai tren nin autovía, as frecuencias horarias dos autobuses son reducidas e cada vez máis pola desaparición dalgunhas rutas ou a desaparición dalgunhas frecuencias horarias. Así mesmo as distancias entre Forcarei e A Estrada son menores que con outras cabeceiras xudiciais.

Terceiro.- Estes criterios teñen como punto de partida o artigo 24 da Constitución, que consagra o dereito á tutela polos xuíces e tribunais dos intereses lexítimos dos cidadáns. Este principio de efectividade esixe ter en conta as distancias, características xeográficas e medios de comunicación, en orden a garantir aos cidadáns un acceso máis fácil aos órganos xudiciais, o que aconsella non producir unha dispersión excesiva de medios persoais e materiais.

Polo tanto e con base no exposto nesta proposta, esta Corporación entende axeitado e xusto o mantemento do partido xudicial da Estrada polas circunstancias expostas, a pesares da posible saída do mesmo do Concello de Cerdedo.

Así, esta Corporación, por unanimidade, PROPÓN:

1.- Solicitar á Xunta de Galicia un pronunciamento oficial e escrito no que se recolla o compromiso do mantemento do partido xudicial da Estrada, polas razóns demográficas, xeográficas, xudiciais e de comunicación expostas.

2.- Solicitar ao Parlamento de Galicia un pronunciamento oficial e escrito de todas as forzas políticas en Asamblea no que se recolla o compromiso do mantemento do partido xudicial da Estrada, polas razóns demográficas, xeográficas, xudiciais e de comunicación expostas.”

Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral.

Visto o Ditame acadado na sesión celebrada o 18/04/2016 pola Comisión Informativa Especial para o Estudo da fusión dos municipios de Cerdedo-Cotobade.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia un pronunciamento oficial e escrito no que se recolla o compromiso do mantemento do partido xudicial da Estrada, polas razóns demográficas, xeográficas, xudiciais e de comunicación expostas.

Segundo.- Solicitar ao Parlamento de Galicia un pronunciamento oficial e escrito de todas as forzas políticas en Asamblea no que se recolla o compromiso do mantemento do partido xudicial da Estrada, polas razóns demográficas, xeográficas, xudiciais e de comunicación expostas.

7º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 18/04/2016, RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E DA MOBILIDADE NA RÚA DA CULTURA E ENTORNO DOS INSTITUTOS.

Ao tratarse dunha moción presentada polo BNG, o Sr. Alcalde outorga a palabra ao seu voceiro, **Sr. Xosé Magariños**, quen comenza dicindo que todas os grupo políticos coinciden en que a zona deportivo/cultural ten moita circulación de vehículos e un importante número de viandantes xóvenes, polo que é necesario actuar para limitar a velocidade nesa zona e regular un aumento na seguridade dos peóns, tendo en conta que a maioría deles son rapaces que se dirixen aos centros de ensino e ás escolas deportivas, así como persoas que fan deporte polas súas rúas.

Toma a palabra a **Sra. Belén Louzao** para manifestar o apoio do seu grupo político a esta moción e a todo aquilo que sexa o estudo para mellorar a circulación e a seguridade vial, tanto no que se refire á sinalización horizontal como outras medidas que, previo informe da Policía Local, se poidan poñer enriba da mesa.

A **Sra. Mar Blanco** manifesta o seu apoio á moción.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción do grupo político municipal do BNG (presentada o 05/04/2016, RE nº 4096), relativa á mellora da seguridade vial e da mobilidade na Rúa da Cultura e entorno dos Institutos, e que se transcribe de seguido:

...“A zona deportiva e dos institutos é un lugar no que a diario centos de adolescentes se desprazan aos centros de ensino a pé ou en vehículos; tamén nos atopamos cun bo número de rapaces que pertencen a diversas escolas ou clubs deportivos transitando por ela. Esta área debería ser un espazo privilexiado para o esparexemento das veciñas e veciños da Estrada por ser un lugar accesible dende o centro da vila, contar cun importante número de instalacións deportivas e estar ubicada nela unha zona verde dun tamaño importante (sobre todo se a comparamos co resto das zonas verdes).

Non obstante, non é un espazo que a veciñanza empregue para o seu lecer; isto é debido a que, exceptuando a carballeira, o deseño de toda a zona estivo, e está pensado, única e exclusivamente como unha grande área de aparcamento pero non como unha zona onde facer deporte ou simplemente dar un paseo tranquilo/a. As distintas intervencións que se teñen dado nela obedeceron sempre a cuestións relacionadas cos vehículos pero non coas persoas, deixando de lado a creación dun lugar de esparexemento. Como exemplo podemos poñer a iluminación que está concebido para iluminar a calzada, como se os vehículos non levasen luces, pero non as zonas polas que transitan os peóns.

Decisións como a de desviar o tráfico pesado por esta zona, ao non contar cunha circunvalación que evitase o tránsito deste tipo de vehículos polo casco urbano, trae como consecuencia que estamos ante un área na que o/a condutor/a non percibe que se atopa nun espazo no que é preciso minorar a súa velocidade; se a isto lle engadimos o gran fluxo de tráfico que se xenera a certas horas do día e a falta de medidas axeitadas de “calma do tráfico” atopámonos con importantes problemas de seguridade vial.

É preciso realizar unha intervención nesta área que a convirta nun espazo no que as/os veciñas/os se acheguen a ela como zona deportiva e de paseo e garantan a seguridade dos mozos e mozas que a diario transitan por ela. Pero esta intervención non ten que ser entendida única e exclusivamente como de seguridade vial, ten que partir dun plantexamento de deseño urbano amplo, que a converta nunha peza máis do desenvolvemento dunha vila con criterios de accesibilidade e mobilidade e teña en conta os distintos eventos que se desenvolven nas instalacións xa existentes.

Por todo isto o grupo municipal do BNG propón ao pleno a aprobación das seguintes medidas:

- *Reordenación do tráfico no entorno dos institutos e os pavillóns deportivos orientada a circulación dos vehículos nunha soa dirección.*
- *Fixar en 30 Km/h o límite de velocidade máxima en toda a área.*
- *Deseño e implantación de sistemas de moderación do tráfico en toda a área, especialmente no entorno dos institutos e pavillóns.*
- *Dotación dun sistema de alumado público que priorice a iluminación sobre as zonas de circulación dos peóns.*
- *Creación duna senda peonil que una a rúa da cultura cos institutos, pavillóns, campo de fútbol e carballeira”... .*
-

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente na sesión celebrada o 18/04/2016.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Reordenación do tráfico no entorno dos Institutos e os Pavillóns Deportivos orientada á circulación dos vehículos nunha soa dirección.

Segundo.- Fixar en 30 km/h o límite de velocidade máxima en toda a área.

Terceiro.- Diseñar e implantar sistemas de moderación do tráfico en toda a área, especialmente no entorno dos Institutos e Pavillóns.

Cuarto.- Dotar dun sistema de alumado público que priorice a iluminación sobre as zonas de circulación dos peóns.

Quinto.- Crear unha senda peonil que una a Rúa da Cultura cos Institutos, Pavillóns deportivos, Campo de Fútbol e Carballeira” .

8º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 319/2016, POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2015.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 319/2016, de 19 de abril, pola que se aproba a Liquidación do Orzamento municipal 2015, e que se transcribe de seguido:

“*DECRETO NÚMERO 319 /2016*

Refª Intervención

No uso das facultades que me confire o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo), e a Base 37ª das Bases de Execución do orzamento, e visto o informe emitido pola Intervención Municipal de 15 de abril de 2016, e axustada a súa obtención ó establecido pola normativa citada e polo RD 500/1990 RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do orzamento municipal 2015, cuxo resultado orzamentario axustado é o seguinte:

<i>1. Dereitos Recoñecidos Netos.</i>	<i>14.573.421,54.-</i>
<i>2. Obrigas Recoñecidas Netas.</i>	<i>14.474.968,13.-</i>
<i>3. Resultado Orzamentario (1-2).</i>	<i>98.453,41.-</i>
<i>4. Desviacións Positivas. (-)</i>	<i>1.970.404,42.-</i>
<i>5. Desviacións Negativas. (+)</i>	<i>2.478.110,41.-</i>
<i>6. Gastos financiados con Remanente de Tesourería. (+)</i>	<i>0,00.-</i>
<i>7. Resultado Orzamentario Axustado (3-4+5+6).</i>	<i>606.159,40.-</i>

SEGUNDO: aprobar o Remanente de Tesourería determinado polas seguintes magnitudes:

<i>A.1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO-----</i>	<i>1.599.247,91</i>
<i>1. De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente -----</i>	<i>216.648,40</i>
<i>2. De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado -----</i>	<i>1.364.428,66</i>
<i>3. De Operacións non orzamentarias-----</i>	<i>18.170,85</i>
<i>A.2.- OBRIGAS PENDIENTES DE PAGO-----</i>	<i>1.930.580,47</i>
<i>1. De Orzamento de Gastos. Orzamento Corrente -----</i>	<i>1.377.394,19</i>
<i>2. De Orzamento de Gastos. Orzamento Cerrados-----</i>	<i>66.019,46</i>
<i>3. De outras Operacións non Orzamentarias-----</i>	<i>487.166,82</i>
<i>A.3.- PARTIDAS PENDNTES DE APLICACIÓN -----</i>	<i>- 296.640,97</i>
<i>1(-). Ingresos realizados ptes. aplicación definitiva -----</i>	<i>(297.795,16)</i>
<i>2 (+). Pagos pendentes de aplicación-----</i>	<i>(1.154,19)</i>
<i>A.4.- FONDOS LÍQUIDOS-----</i>	<i>2.841.704,01</i>
<i>1. En Caixa -----</i>	<i>631,31</i>
<i>2. En Bancos, contas operativas -----</i>	<i>2.829.152,55</i>
<i>3. En Bancos, contas restrinxidas recad.-----</i>	<i>11.920,15</i>
<i>A.5.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL-----</i>	<i>2.213.730,48</i>

A.6.1.- MENOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACIÓN-----	976.340,73
A.6.2.- MENOS EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO-----	1.113.316,39
A.7.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS-----	124.073,36

TERCEIRO: Da presente Resolución e dos estados de liquidación darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 193.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.”

Dáse conta tamén do expediente completo da Liquidación do Orzamento municipal 2015.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 1 E O 29 DE ABRIL DE 2016 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 29 de abril de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 269/2016 ao nº 355/2016 (ambos incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Inicia o turno de rogos e preguntas a Concelleira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**. En primeiro lugar informa de que o semáforo do cruce da Avda de Santiago coa rúa Antón Losada segue sen funcionar, sendo necesario que se poña en funcionamento, recordando que ten solicitado melloras en outros semáforos da vila e na iluminación na Avda da Cultura, polo que solicita e prega que se arranxen e se poñan en marcha.

Tamén di que na zona da rúa Antón Losada os veciños lle trasladan que existe unha luminaria que carece de pantalla (entre o cruce que vai ao Colexio de Lourdes e a rotonda), polo que roga que se proceda á súa reparación.

Pregunta se está previsto atender unhas solicitudes feitas xa fai tempo, unha da parroquia de Liripio onde o mal tempo fixo que un muro se derrubara; outra dos veciños de A Grela, no que caeu parte dunha ponte, estando mal sinalizado ademais de dificultando o paso. Solicita que se de cumprimento a esas solicitudes, procedendo aos seus respectivos arranxos.

Contesta o **Sr. Alcalde**, con respecto aos semáforos do cruce da Avda de Santiago coa rúa Antón Losada, dicindo que está en fase de contratación a reparación dos semáforos, sendo o seu orzamento de aproximadamente 2.200,00 euros, e que o retraso ven vido a que se estaba esperando á aprobación do Orzamento municipal para este exercicio, onde existe unha partida para estes gastos de 20.000,00 euros, pero cré que este arranxo será efectuado dentro deste mes.

Intervén a **Sra. Mar Blanco** quen en primeiro lugar, pide que aproveitando as obras da urbanización da Baiuca se faga unha mellora do firme da rúa da Torre, para o que trae as firmas dos veciños que apoian esta proposta de MÓVETE.

Outro rogo é con respecto á estrada de Paradela, a cal está sen pintar dende o pasado outono, polo que roga que se esixa á Xunta para que proceda ao pintado da mesma.

Tamén manifesta que o trazado do vial Riobó-Oca, en concreto a curva que da acceso á ponte, obriga aos vehículos que invadan o carril contrario para acceder á mesma, polo que roga que o Concello trate de buscar unha solución viable para a mellora deste punto, instando á Deputación para que a execute.

Con respecto ás consecuencias ocasionadas polo raio que caeu na Casa do Concello, roga que se lles informe sobre a contía dos danos e que se teña en conta as recomendacións dos técnicos sobre o tipo de pararraios máis axeitado para os edificios públicos, así como sobre o mantemento necesario para garantir o bo estado dos mesmos. En relación con este tema pide que se abra un procedemento transparente para a contratación dun seguro multirisco dos edificios públicos do Concello.

Pregunta ónde se destinaron as placas solares que estaban no Estadio da Baiuca.

Por outra banda, di que existe un club de frontón, federados dende o ano 2012, que lle trasladan a súa preocupación sobre o tema da construción das pistas de padel no campo de frontón, de xeito que non saben onde poderán xogar eles.

Contesta o **Sr. Alcalde** que, con respecto ao campo de frontón, descoñece da existencia dun club federado de frontón e, incluso, que se chegara a xogar alí ao frontón, pero que se dirixan ao departamento municipal de Deportes e se valorará.

No tema das placas solares da Baiuca, di que están depositadas en Guimarei, e que se fixo un reparto entre os distintos campos de fútbol e instalacións deportivas do concello do material existente no campo da Baiuca (fontanería, mobiliario, calefacción, etc.).

Con respecto ao pararraios e os danos producidos pola tormenta, estase pendente de convocar una Comisión para tratar estas cuestións, existindo orzamentos sobre cada unha das partes afectadas, estando moitos dos desperfectos arranxados, algún asumidos polas propias empresas subministradoras (como telefonía, fotocopiadoras..), de todos xeitos se dará cumprida resposta deste tema na Comisión Informativa que se convocará con motivo deste problema.

No que se refire á ponte de Riobó, o Sr. Alcalde di que a solución se buscaba no propio proxecto da obra, pero nestes días se está a traballar na saída da ponte (a petición do Concello) facendo unha excavación na marxe dereita (dirección Riobó - Oca) para intentar mellorar o grao de xiro nesta curva, mellorando unha vez teña a capa de aglomerado, sendo posible que poidan pasar dos autobuses. Isto é o que se comunica ao Concello por parte dos técnicos da empresa e da Deputación. Aproveita para dicir que están pendentes da autorización da Deputación para que Fenosa proceda a retirar os postes de alumado tirados na cuneta.

No que se refire á estrada de Paradela, o Sr. Alcalde di que ten prevista unha reunión co xefe de Infraestruturas da Xunta de Galicia para tratar sobre determinados aspectos, entre eles o paso de peóns á altura da Gardería municipal, o pintado desta estrada así como doutras onde se colocou pavimento rugoso.

Finalizando, con respecto á mellora da capa de rodadura da Avda da Torre, di que é moito falar de que a empresa que está a facer as obras do Campo da Baiuca faga a mellora da dita avenida, non procede e non é legal. É necesario facer un proxecto previo, de feito existe unha valoración dos técnicos municipais que ascende a 86.000,00 euros, e que abarcaría dende o entronque da Avda de Pontevedra ata pasada a fonte de Guimarei, pero falta aínda o informe de Patrimonio para continuar coa tramitación deste expediente.

Inicia o seu turno o **Sr. Xosé Magariños**, dicindo que se alegra que por fin se vaia a proceder ao arranxo dos semáforos que tanto tempo leva pedindo. Con respecto ao repintado que se está a facer polo Concello dos pasos de peóns no casco urbán, manifesta que non estaría de máis que, nalgúns casos, antes se fixera un arranxo do firme.

Di que no cruce da rúa Gradín coa rúa San Antón, na Praza da Feira, se fixo unha rampa de acceso para minusválidos fóra do paso de peóns, pedindo que se amplíe éste para que abarque tamén dita rampa.

Por outra banda, con motivo das festas patronais e da colocación do alumado, solicita que a empresa que o coloque tamén o retire en tempo e forma, non tardando

tanto como os que colocaron o do Nadal, xa que aínda existen cables colgados por algunha rúa.

Transmite un rogo dos veciños para que os traballadores da empresa que fai a lectura dos contadores de auga intenten levar unha identificación ou acreditación da empresa e así darlle unha certa seguridade ás persoas maiores e demais veciños.

Continúa o Sr. Magariños e manifestando un rogo que lle fan chegar os veciños de Barcala para que se proceda á limpeza da área recreativa da praia fluvial.

Tamén transmite unha queixa dos pais e nais dos nenos que fan uso do novo campo de fútbol para que se proceda á limpeza dos vestiarios.

Fai a pregunta de por qué por parte dos servizos municipais se está depositando escombros pola parte traseira da Estación de Autobuses, existindo fotos enviadas por unha veciña de como camións depositan entullos e bolsas de lixo nesa zona.

Responde o **Sr. Alcalde** con respecto a esta última pregunta con que é consciente de que se fai depósitos de determinado material de obra, resto das podas e outros, para despois levalos todos xuntos.

Continúa o **Sr. Magariños** preguntando se se é consciente da situación da carballeira de Codeseda con motivo da concentración parcelaria.

Contesta o **Sr. Alcalde** que existe unha petición feita no seu momento e un suposto acordo para a cesión desa carballeira (vinculada á igrexa) para convertirse nunha masa común, e así se pideu á Xunta. Actualmente existen varios recursos presentados á parcelaria, non sabendo si algún deles afecta á carballeira, cré que por parte do Arzobispado non, pero en principio o acordado foi que esa zona que queda entre a carballeira e a antiga estrada provincial quedará como masa común.

Interrompe o Concelleiro do PSdeG-PSOE, **Sr. Manuel Fernández**, comunicando que parece ser que hai noticias do Arzobispado de que queren recuperar eses terreos, xa que a finca que se lles daba en compensación non é do seu interese.

O **Sr. Alcalde** di que no é coñecedor dese asunto, de todos xeitos é un tema que está no aire, sobre todo tendo en conta o momento en que está a concentración parcelaria, ademais non sabe cales son as intencións do Arzobispado, pero o preguntará en futuras reunións que vai a ter cos responsables deste proxecto.

Novamente o **Sr. Magariños** intervén para preguntar cando se vai a poñer en marcha o acordo plenario relativo ao parque canino.

Responde o **Sr. Alcalde** que se está a estudar este compromiso adquirido, non sabendo cal será a ubicación do mesmo, valorándose o solar de aproximadamente 300 m² que ten o Concello fronte ao Xulgado nº 1, preto do Hostal "Capricornio", esperando que dentro de poucas semanas se elabore unha proposta para sometela á Comisión correspondente.

O **Sr. Magariños** pide que se conte co asesoramento dos membros do equipo de Cans de Rescate.

Antes de finalizar a sesión o **Sr. Alcalde**, dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa entre o público asistente que queira intervir, previa identificación con DNI.

Intervén o **Sr. José María Vázquez Caramés (DNI 35357358Z)** para dicir, en primeiro lugar, que o estado do río é lamentable e que a cantidade a pagar pola licenza de pesca subeu moito.

En segundo lugar manifesta a mala reputación que ten a nosa política fóra de España, dicindo que entre o movemento bolivariano e catro mais que hai por aí, non somos cribles para nada. Segue dicindo que todos sabemos o que lle pasou a Pablo Iglesias en Bruselas, porque se se trata doutro político español e lle din o que lle dixeron a el, habería un conflito diplomático, porque lle dixeron "basta, estate calado, vai a tormar polo cú" (en italiano), o que deixa de manifesto o peso que temos fóra das nosas fronteiras, por enriba, di, que se poñen a xogar con

otras eleccións xerais, pensando que van a sacar algo en positivo e pensa que non vai a ser así.

Continuando co tema do estado dos ríos, o Sr. Vázquez di que, xunto con outros amigos, van a crear unha organización e pedir unha cita co Alcalde para falar coa Conselleira de Medio Ambiente, porque de palabras bonitas e promesas están cansos. Continúa dicindo que antes se pescaba dunha forma moi sinxela e familiar, aproveitando para organizar comidas ao aire libre, sen embargo, pouco e pouco, se foron eliminando esas posibilidades sen dar ningunha explicación sobre o por qué; é máis, di que agora se implanta a pesca sen morte e seguro que pedirán outro tipo de licenza co conseguinte abono de cartos. Di que antes existía gardas nos ríos amables e respetuosos, agora son mal educados. Por iso considera que todo iso debería de sabelo os que están enriba. Di que o Río Ulla dende onde nace ata a súa desembocadura é un caos, sen falar dos regatos pequenos, polo que en lugar de destinar cartos a outras cousas menos necesaria, deberíanse utilizar para para pagar a unhas persoas que limpen e adecenten os ríos, para eso se paga unha licenza.

Responde o **Sr. Alcalde** dicindo que na Estrada o tema dos ríos é fundamental e importante, sobre todo nesta época en que comeza a tempada do salmón, recordando os alagos recibidos por parte de pescadores que acuden nestos días sobre a beleza do río Ulla e o bo estado dos cotos salmoneiros, considerados entre os mellores de España. Lembra a importante actuación de limpeza que se fixo no Río Ulla e se sigue velando polo estado de todos os ríos, xa que son parte importante do patrimonio da Estrada.

Interrompe o **Sr. Vázquez** para dicir que hai moitas zonas aos marxes dos ríos que dan pena, por iso quere a reunión coa Conselleira de Medio Ambiente, ademais, en canto aos gardas, están máis nos bares que onde debería estar. Manifesta tamén o mal estado en que están determinados cotos salmoneiros, por exemplo o de Sinde, onde a presa está rota e ninguén se preocupa por arranxala, e iso non é máis cunha mostra do estado lamentable doutros cotos. Polo anterior queren unha reunión co Alcalde e posteriormente cos organismos superiores, ata conseguir unha solución ao abandono dos ríos.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas vinte e dous minutos.

A Estrada, 5 de maio de 2016
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso